



## Concello de Meaño



### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACION UNION MUSICAL DE MEAÑO (CIF G36143857) PARA DIRECCIÓN MUSICAL DA BANDA UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO.

En Meaño, a 2 de maio de 2019

#### REUNIDOS:

Dunha parte, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela, con DNI n<sup>o</sup> 35314573M, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcaldesa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

De outra parte, D. Oscar Rial Lastres, con DNI n<sup>o</sup> 35294943V na súa calidade de Presidente da Asociación Unión Musical de Meaño (o cal acredita mediante certificación da Secretaría da Asociación).

Asiste como fedataria pública D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora do Concello de Meaño.

Acrúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, reconecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para a firma do presente CONVENIO e para o efecto

#### EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Meaño ten como unha das súas competencias a promoción da cultura, de acordo co previsto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O Concello de Meaño apoia todas aquelas iniciativas conducentes ó desenvolvemento de accións que contribúen a promoción, conservación e difusión da nosa cultura e a



## Concello de Meaño

afección á música así como o mantemento e potenciación daquelas actividades culturais que impliquen a promoción do Concello de Meaño e en xeral das distintas manifestacións artísticas.

A Asociación Unión Musical de Meaño e o Concello de Meaño pretenden potenciar e coordinar as actuacións de promoción e difusión cultural.

SEGUNDO.- O presente convenio ten por obxecto contribuír ó financiamento dos gastos da dirección musical da Banda Unión Musical de Meaño co fin de manter e seguir mellorando esta actividade.

A tal efecto, na Base XII de execución do Orzamento municipal do ano 2019, establécese as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Asoc. Unión Musical de Meaño	Dirección musical	9.000,00 €

TERCEIRO.- Que a Asociación Unión Musical de Meaño ten dentro dos seus fins principais os seguintes:

\*O fomento da afección á música.

CUARTO.-

A) Que a Asociación Unión Musical de Meaño figura inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Meaño.

B) Que aporta neste acto:

- Certificación da Secretaría da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións ou axudas da Administración Pública

- Certificacións expedidas Axencia Tributaria estatal e autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Deputación Provincial de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica de local e coa Seguridade Social.

- Póliza de seguro de responsabilidade civil vixente e ao corrente do seu pago.

Polo anterior, ámbalas dúas partes asinantes acordan outorga-lo presente convenio de colaboración en base ás seguintes

### CLAUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regula-la colaboración entre o Concello de Meaño e a Asociación Unión Musical de Meaño, mediante unha subvención directa, coa finalidade de fomentar a promoción, conservación e difusión da nosa cultura e afección á música entre os veciños do noso Concello de acordo coas competencias propias do Concello e os fins que caracteriza á Asociación Unión Musical de Meaño; contribuíndo o Concello de Meaño ao financiamento dos gastos do director musical da Banda de Música Unión Musical de Meaño.



## Concello de Meaño

SEGUNDA.- A Asociación Unión Musical de Meaño comprométese a:

- 1) Realizar as actividades subvencionadas segundo as normas de funcionamento da propia Asociación e as directrices que sinale o Concello.
- 2) Admitir nas actividades a que se refire a subvención con carácter prioritario aos veciños de Meaño.
- 3) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando tanta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- 4) No desenvolvemento destas actividades farase a debida publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño.
- 5) O desenvolvemento das actividades da dirección da banda non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións relacionadas con estas escolas deportivas e o Concello de Meaño, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das escolas deportivas.

TERCEIRA.- O Concello de Meaño comprométese a colaborar no financiamento do director cunha subvención máxima de 9.000,00 € no ano 2019, con cargo á partida 334.48001 do Orzamento municipal 2019.

As subvencións a que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

O libramento da axuda, previa xustificación da realización total ou parcial da actividade subvencionada e do gasto realizado, poderá ser efectuado parcialmente con carácter trimestral ou semestral ou na súa totalidade con carácter anual, podendo ascender o total da axuda ó 100% do gasto subvencionable.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, **obrigatoriamente** por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo **concellodemeano.sedelectrónica.gal**, a través da instancia xenérica dispoñible e a que se achegará a seguinte documentación:

- \* Memoria xeral da actividade.
- \* Declaración da Presidencia da Asociación das actividades realizadas no período a xustificar.
- \* Facturas, indicando o número de unidades, os prezos unitarios e o custo total de cada unha, relacionadas coa actividade subvencionada. De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran nóminas, facturas ou liquidacións debidamente asinada polo



## Concello de Meaño

---

beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado. Para percibir o seguinte trimestre será necesario presentar o ingreso efectuado a Axencia Tributaria do retido no trimestre anterior (Mod. 111). Estes documentos probatorios estarán conformadas polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI

- \* Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).
- \* Declaración-certificación asinada polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a da Asociación, segundo Anexo I que se achega.
- \* Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega.
- \* Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.
- \* Acreditación de ter realizado o pago dos gastos xustificadas; cando o importe supere o 500,00 € só se admitirá como xustificante de pago a transferencia bancaria.
- \* Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago (No caso de non xustificalo para a anualidade completa no intre de formalizar o convenio).
- \* Xustificación da publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño (Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)

Si esta documentación é asinada manualmente deberá ser previamente compulsada antes da súa presentación.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámite.

Á vista da documentación xustificativa presentada, a Xunta de Goberno estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá, no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que conste no Rexistro de Asociacións do concello sinalada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

O prazo de xustificación rematará o día 20 de decembro do ano en curso, salvo que a actividade afecte ao último trimestre, en cuxo caso poderá ser xustificada antes do 31 de xaneiro do ano seguinte. De non xustificarse antes de ditas datas perderase o dereito a esixila; sen prexuízo do sinalado na letra D da Base XII das Bases de Execución do Orzamento.





## Concello de Meaño

---

CUARTA.- A asociación Unión Musical de Meaño queda sometido á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

QUINTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola concelleira de cultura, educación, infancia e xuventude, deporte e ocupación do tempo libre, un/unha empregada pública do Concello de Meaño e o presidente da Asociación Unión Musical de Meaño.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de se-lo caso, arbitra-los mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SEXTA.- O Concello de Meaño resérvase o dereito a orientar técnicamente as actividades, a comproba-los datos económicos así como a supervisar a efectiva realización delas, e a entender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requeridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- Incumprimento das obrigas de adopta-las medidas de difusión.
- Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

SÉTIMA.- A vixencia do presente Convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, estendendo os seus efectos ao exercicio 2019.

OITAVA.- O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.



## Concello de Meaño

NOVENA.- De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións do Ministerio de Hacienda.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio, que se estende por duplicado, no lugar e data anteriormente indicada.

A ALCALDESA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN



A SECRETARIA DO CONCELLO

